

RIBES LORENZO, Juan Manuel (2022): *Las palabras diacríticas en fraseología histórica*. Berlín: Peter Lang. ISBN 978-36-3187-1461; 467 páxs. <https://doi.org/10.3726/b19633>¹



Pensar que moitas palabras perecen e perden co tempo a súa vitalidade é simplemente un xuízo moi simplista. Cada palabra deixa a súa pegada na memoria colectiva dos falantes dun idioma e loita por sobrevivir, aínda cando ten que facelo en común con outras. E esta é a mensaxe deste libro. Chamáronas *palabras diacríticas* pero deberan ter o nome de *palabras enérxicas* porque tiveron a forza suficiente para ser recordadas e prestarse a ser útiles a un caudal fraseolóxico onde son empregadas moitas delas.

Esa é a mensaxe principal da obra de Juan Manuel Ribes Lorenzo titulada *Las palabras diacríticas en la fraseología histórica* e, aínda que o seu autor é mozo, demostrou en varias das súas investigacións publicadas e agora neste libro que a sincronía e a diacronía van da man nun idioma repleto de unidades fraseolóxicas e, especialmente, nun campo tan

complexo e movedizo como o desta disciplina. Desta forma o libro recolle os principios lingüísticos que actúan no funcionamento das palabras diacríticas que compoñen as unidades fraseolóxicas reunidas nel e analízalas a partir da combinación da fraseoloxía histórica, a lingüística de corpus e a lexicografía española.

Trátase dunha obra de 467 páxinas escritas en español e publicada pola editorial Peter Lang GmbH no 2022. Está estruturada, ademais da introdución, as conclusións e a bibliografía, en 5 capítulos de desenvolvemento e cunha análise integral de 35 palabras e 100 locucións ou variantes locucionais confrontadas entre outros corpus, co CREA, o CORPES, o CORDE e diversas obras lexicográficas de matiz diacrónico, entre outras o DEL, o DUE e o DEA. A concepción de palabra diacrítica no español de hoxe, tomada como voz existente unicamente nunha construción fraseolóxica, permitiu establecer as seguintes palabras para o seu estudo: *almorzadas, andana, antemano, balde, barzones, bies, bocajarro, borbollones, bruces, carona, cercen, consuno, costadillo, cuclillas, granel, hinojos, horcajadas, hurtadilla, inopia, mancomún, mansalva, nado, oxe, postremas, redropelo, reajo, ristre, rondón, soslayo, traque, trasmano, troche, ultranza, vilo e voleo*

Non son dos que describen o que contén cada capítulo, pero si quero afirmar como profesor de Historia da Lingua Española durante 46 anos e de Dialectoloxía Española que cada un deles ofrece diversas arestas en profundidade de como non deixaron que o proceso de obsolescencia destruíse varias destas palabras e de como se refuxiaron no que

¹ Tradución do castelán de Claudia Almuíña Zafra (Universidade de Vigo).

Rafael Lapesa (1980) denominou o tesouro da lingua española no seu traballo titulado «Alma y ánima de la lengua española» (publicado en *Léxico e Historia. Diccionarios*, Madrid-Itsmo, ISBN 7590-2385), faceta ben comprendida polos escritores e intelectuais do renacemento español e reflectida nas súas obras.

Eses capítulos van, cada un deles, coa súa abundancia de epígrafes e cunha sistematicidade extraordinaria e eloxiable, levándonos a un proceso de palabras que lograron sobrevivir. Un primeiro capítulo dedícase ao estudo histórico das palabras diacríticas; un segundo capítulo, á fraseoloxía histórica do español; o terceiro capítulo, ao estudo das palabras diacríticas do español; o cuarto, ao estudo das palabras diacríticas e das súas locucións, e un quinto e derradeiro capítulo, arredor da fraseoloxía e ás palabras.

Este moi interesante libro inscríbese no que se ten denominado fraseoloxía histórica, disciplina iniciada por María Teresa Echenique en 2003, no seu traballo «Pautas para el estudio histórico de las unidades fraseológicas» (publicado en *Estudios ofrecidos al profesor José Jesús Bustos Tovar*, Madrid, Universidad Complutense, pp. 545-560, ISBN 978-24-7491-701-7) e cuxa produción científica, se a comparamos coa fraseoloxía sincrónica, non é tan ampla e falta moito por facer aínda neste campo.

Observar o recorrido histórico das unidades fraseolóxicas coa mirada posta cara ao presente actual e analizar as palabras diacríticas é o principal logro deste libro que combina a visión sincrónica coa diacrónica e ademais establece principios sistémicos para a abordaxe dun estudo no cal acepta, entre outras denominacións dadas ás mesmas por diversas persoas, a establecida por Alberto Zuluaga en 1980 de *palabras diacríticas* e en ocasións emprega a denominación de *palabras idiomáticas* dada por García Page en 1990. Ribes Lorenzo non as considera de ningún modo un feito illado posto que como ben afirma son compoñentes esenciais de moitas locucións, colocacións e enunciados fraseolóxicos.

Con tal denominación, no conxunto da obra faise referencia, de maneira sistemática, a un nutrido grupo de palabras especiais cuxo emprego se restrinxe ao contexto fraseolóxico, pero como subliña Ribes Lorenzo en todo o seu libro, no pasado tiveron menos fixación, carga semántica e maiores posibilidades combinatorias. Non poucos son os obstáculos aos que alude o autor deste libro como son o da orixe e a tipoloxía destas unidades, así como á súa asistematicidade. Chama a atención sobre a existencia dalgunhas palabras creadas de maneira singular ao amparo de certa inventiva lingüística cun uso exclusivamente fraseolóxico. A estas súmanse outras voces nas que o devir lingüístico fixo posible o seu particular funcionamento na lingua.

E, por que non?, no presente, pois algunha que outra pode seguir empregándose fóra dos límites fraseolóxicos como sucede coa palabra de orixe mariñeira o portugués *balde* que segundo o autor do libro significaba ‘inútil’, e que na rexión oriental da variante cubana do español segue usándose como recipiente de uso doméstico para cargar auga, e da cal se deriva *baldear*, ‘limpar con auga a casa’. Habería entón que acudir a unha dialectoloxía rexional de carácter diacrónico para saber a ciencia certa se algunha que outra non mantén a súa liberdade léxica na fala dalgunha variante actual do español.

Unha vez establecida a definición de palabra diacrítica e presentado o obxectivo principal do libro, é dicir, a obtención dunha análise que dea cabida a un estudo histórico

de unidades fraseolóxicas con palabras diacríticas e á súa vez aporte resultados que fortalezan o seu coñecemento e a análise filolóxica e diacrónica dos textos que conteñen estas construcións fraseolóxicas, o autor expón a súa proposta de estudo e a definición, que é validada segundo os datos obtidos e a metodoloxía asumida neste libro e igualmente validada para calquera tipoloxía textual, independentemente do seu eixe temporal e as súas condicións de creación. Para tal obxectivo propónse unha aplicación teórica apta tanto para o estudo sincrónico como para o diacrónico, a cal deberá ser útil, ademais, para calquera etapa temporal elixida nunha análise fraseolóxica dos seus elementos.

Un dos propósitos fundamentais do libro é desentrañar o proceso histórico no que unha palabra do léxico común puido chegar a sufrir unha restrición sintagmática tan marcada, tanto que chegou a formar parte do ámbito fraseolóxico exclusivamente. O autor considera igualmente a variación como un importante factor lingüístico para comprender este proceso de configuración das palabras diacríticas e os seus frasemas e insiste na necesidade da consulta dos testemuños escritos para obter información sobre o valor significativo, o uso lingüístico e social en cada unha das distintas sincronías. O seu rexistro textual é considerado como unha proba documental, histórica e lingüística que deberá axudar a clarificar a traxectoria específica de cada unha das unidades fraseolóxicas e dos seus compoñentes idiomáticos. En tal sentido, Ribes argumenta sobre a necesidade da análise dos rexistros escritos conservados para coñecer a propia historia das voces e a das súas unidades fraseolóxicas.

Polo tanto, a historia particular das unidades fraseolóxicas con palabras diacríticas é un dos resultados de maior relevancia neste traballo. Os distintos percorridos que seguen son considerados moi importantes para a fraseoloxía en xeral. Insístese na importancia de determinar os factores, os procesos e elementos máis sobresaíntes que actuaron na configuración e na historia particular de cada unidade fraseolóxica.

Ademais dos anteriores obxectivos, o autor estima que este libro nace coa vontade de achegar datos a unha metodoloxía da investigación fraseográfica e lexicográfica do español, posto que o estudio de palabras diacríticas e as unidades que as conservan poden ofrecer información para unha historia da lingua española e as súas diversas etapas constitutivas. Os resultados son, neste sentido, de utilidade para a morfosintaxe, a semántica, a lexicografía e a fraseoloxía histórica do español.

Nas conclusións, esbozadas antes dunha extraordinaria e abundante bibliografía, o autor refuta algunhas das súas hipóteses e apoia outras, co cal demostra un serio e profundo traballo científico, logra os obxectivos propostos e confirma que o estudo diacrónico das palabras diacríticas permite avanzar no coñecemento léxico e fraseolóxico destas unidades, así como nos procesos históricos que determinan a conformación de locucións na lingua española.

Dr. Luis Alberto Alfaro Echevarría
Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas (Cuba)
ORCID: 0000-0003-1359-4517
luisae@uclv.edu.cu